

Ministerio de Transformación Dixital
e da Función Pública

Grupo de Traballo de Prevención de Riscos Laborais

13/02/2025

Na reunión de hoxe tratáronse os seguintes temas:

Radón

O Ministerio ten previsto facer as medicións nas Xefaturas Provinciais de Inspección de Telecomunicacións en Galicia durante o 2025.

Avaliacións de riscos:

Nas Xefaturas Provinciais de Inspec. de Telecomunicacións non se van repetir polo momento. Se tendes algún problema de saúde laboral podedes poñervos en contacto con nós a través do correo vigo.estado@cigadmon.gal.

Con respecto a MUFACE, na oficina delegada de Muface en Vigo van repetir este ano a avaliación porque, tal e como denunciou no seu momento a CIG, non se fixo correctamente e entre outras cousas quedaron zonas sen avaliar (aseos, arquivo e zona de descanso).

Tamén, logo da queixa da CIG por non ter comunicado aos delegados e delegadas de prevención a realización das distintas avaliacións que se fixeron, os servizos centrais van elaborar unha guía en materia de Prevención para as directoras e directores provinciais onde se van dar instrucións de como proceder nas diferentes situacións que se dan nesta materia en todas as provincias (avaliacións, simulacros, agresións...).

Creouse un buzón específico en materia de prevención para canalizar a presentación de incidencias de todas as unidades.

Avaliacións de riscos psicosociais

En Galicia vanse facer este ano as avaliacións de riscos psicosociais nas Direccións Provinciais de Muface de Pontevedra e A Coruña.